



VIMIANZO E O MOSQUETÍN

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro 2025



Distancia: 8 km (ida e volta ata Vimianzo, a pé ou en coche)
Dificultade: baixa

Vimianzo é un concello que forma parte da Terra de Soneira. As máis destacadas actividades económicas son a gandaría, a produción forestal, a extracción de caolín e os servizos. O río principal é o Grande, e no releve destacan a serra de Santiago e as estribacións da serra de Buxantes.

Todo o concello é rico en restos arqueolóxicos (castros, mámoas, dolmens, sartegos, asentamentos romanos), castelo, igrexas, pazos, pontes, elementos etnográficos (Batáns, muíños)... En canto aos valores naturais acolle os Penedos de Pasarela, un pequeno tramo de costa e os ríos. Está incluído en parte no LIC "Costa da Morte".

A vila de Vimianzo, capital do concello, conserva un rico patrimonio histórico e artístico e ben merece unha visita, así como o resto do concello.

Neste percorrido ímonos a centrar en tres elementos: o Castelo de Vimianzo, a pontella de Torelo, sobre o río Grande, e o conxunto de muíños e batáns do Mosquetín.



O Mosquetín.

1 CASTELO DE VIMIANZO

Situado a carón da estrada na saída da vila en dirección á Coruña.

O edificio, de planta poligonal, ten catro torres e patio de armas. Comezouse no século XIII e reformouse durante o XIV e o XV. No seu interior acolle a oficina de información turística e diferentes artesáns na Mostra de Artesanía ao Vivo: palilleiras, tecidos de liño, olaría, cestaría, trenzado en palla, maquetas de barcos ou xoiaría en vidro.



2 PONTELLA DE TORELO

Longa pontella de pedra construída sobre o río Grande no século XIX.

Saíndo de Vimianzo cara a Coruña, en Torelo, pasada a ponte sobre o río Castro, hai un desvío á esquerda que en cen metros nos leva á pontella.

O **RÍO GRANDE**, que tamén se coñece como o Río do Porto, fórmase pola unión do Mira, Sixto e Baio que baixan da serra de Soneira. Desemboca na ría de Camariñas despois de 39 km de percorrido. Move dúas minicentraís e abastece varias piscifactorias. Noutros tempos fixo funcionar numerosos muíños e batáns.



3 CONXUNTO ETNOGRÁFICO DO MOSQUETÍN

Un grupo de sete muíños e tres batáns situado na marxe dereita do río Grande na parroquia de Salto.

dos que xa hai referencias no Catastro de Ensenada de 1753.

O ano 1997 a Deputación da Coruña mercounos e restaurounos e na actualidade pódense visitar como museo etnográfico. Na contorna hai unha área de lecer.

Os **batáns** usábanse para mazar os tecidos de la. Os panos, despois de tecidos, colocábanse en pías con auga onde eran golpeados polos mazos para estreitar e enlear as febras e darlles corpo e suavidade.

Accedese desde a estrada de Vimianzo á Coruña, nun cruce á esquerda no km 60.



Muíños do Mosquetín





Vista do conxunto do Mosquetín. Están montados de tal xeito que a segunda fileira aproveita a auga que fai funcionar a primeira.



Interior dos Batáns de Mosquetín



BATÁN

